

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de decembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1386).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 de decembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1387).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MONITORES E ESTACIÓNS DE TRABALLO. EXPTE. 8364/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/12/17 e o informe de fiscalización do 19/12/17, dáse conta do informe-proposta do 18/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Amdón. Electrónica, o concelleiro delegado de Admón. Electrónica e o concelleiro delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSF)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante Resolución de 28/11/2017 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do subministro de monitores e estacións de traballo

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 27/11/2017
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 28/11/2017 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 28/11/2017 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto con publicidade de data 29/12/2017 .
- Informe favorable ó expediente de contratación da Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica de data 15/12/2017 .

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art 93-1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 28/11/2017 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o art 93-3 da LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 15/12/2017, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndo o expediente co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

**Quinto.-**Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

**Sexto.-**No artigo 93-3º da LCSP establecece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación.

**Septimo.-**A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución segundo o artigo 94 1º da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

### PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con publicidade para ó subministro de monitores e estacións de traballo, que contén o prego de prescricións técnicas de data 28/11/2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministro aberto con publicidade de data 29/11/2017 .
2. Aproba-lo gasto de 80.000,00 € para para a contratación do subministro de estacións de traballo con cargo á partida 9207.6260000 do exercicio 2018 atendendo ó seguinte desglose:

| Partida      | Exercicio | IVA         | Base        | Importe total |
|--------------|-----------|-------------|-------------|---------------|
| 9207.6260000 | 2018      | 13.884,30 € | 66.115,70 € | 80.000,00 €   |

3. Autorizar o pago do subministro de monitores e estacións de traballo tras a firma do contrato.
4. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1388).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SAN SILVESTRE 2017” O DOMINGO 31 DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 16785/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/12/17, dáse conta do informe-proposta do 19/12/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica Deportiva e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

A Concellería de Deportes, solicitou o día 28-11-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170166553), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: SAN SILVESTRE 2017
- Data: 31 de decembro de 2017
- Horario: a partir das 17.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 31 de decembro de 2017, a proba comenza ás 17.00h e terá a súa saída dende a rúa Areal (á altura do nº 8), para seguir ata o cruce de Serafín Avendaño, xiro para seguir por Rosalía de Castro, García Barbón, cruce Colón, xirar por Marqués de Valladares, Fermín Penzol, Praza Constitución, xirar por Triunfo, Praza da Igrexa, Real, Ribeira do Berbés, xiro a dereita Praza do Berbés, Cánovas del Castillo, Teófilo Llorente, Mestre Mateo, Cánovas del Castillo, Montero Rios, Pablo Murillo, xiro dereita, Praza de Compostela, e remate en rúa Areal (nº 8).

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias, comprobou que foi achegada a documentación en especial o seguro de Responsabilidade civil (nº póliza ..... ) e Accidentes Participantes (nº póliza ..... Mafre), para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia tamén solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local, informou con data 4 de decembro de 2017;

“En relación a petición feita pola Concellería de Deportes para a celebración do evento deportivo chamado SAN SILVESTRE 2017 que terá lugar o vindeiro día 31 de decembro de 2017, a partir das 17.00 horas, con saída e meta na rúa Areal, nº 8, fágolle saber que, comprobado o solicitado, a día de data, coa información que se posúe, non existe inconveniente para que se leve a cabo o devandito evento, a condición de que por parte da Organización se provean dos medios necesarios para o transporte e colocación do balizamento e a sinalización precisa, debendo dar conta a esta Policía Local no intre no que o fagan para proceder a súa supervisión así como do persoal suficiente e capaz para que poida ser levado a cabo o acto con toda seguridade, ou se articule algún sistema ou acordo para que devanditos termos sexan levados a efecto, do cal debemos ser informados. Debendo ter en

conta o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

- Seguridade, informou con data 12 de decembro de 2017;

“ Informe

#### DESCRIPCIÓN E CONDICIÓN DA PROBA

O percorrido da proba será ás 17:00 horas con saída dende a Rúa Arenal, 8, proseguindo pola rúa Arenal xirando en Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, García Barbón, Colón, Marqués de Valladares, Fermín Penzol, Praza da Constitución, Triunfo, Iglesia, Real, Ribeira do Berbés, Praza do Berbés, Cánovas del Castillo, Teófilo Llorente, Maestro Mateo, Cánovas del Castillo, Montero Ríos, Pablo Morillo, Praza de Compostela e remata en Arenal, 8.

Segundo informe do Inspector de Seguridade e Mobilidade non hai inconveniente en acceder ao solicitado sempre tendo en conta as seguintes consideracións:

#### CORTES:

García Barbón coa Rúa Serafín Avendaño, Marqués de Valladares, Teófilo Llorente con Praza do Berbés e Praza de Compostela.

#### DESVIOS:

O ser puntuais, a Policía Local faráse cargo da súa resolución.

*CONDICIÓN XENÉRICAS. As seguintes condicións só resultarán de obrigado cumprimento na medida en que, atendendo ás concretas particularidades do evento organizado, resulten de aplicación de concorrer as circunstancias que de seguido se relacionan:*

- Debera aportar Seguro de Responsabilidade Civil actualizado que cubra os danos que se poidan producir polo espectáculo a persoas ou cousas (tanto executantes do espectáculo como espectadores- terceiros) cando menos ata un importe mínimo de 300.506.05 euros e en español e o resguardo de estar ao corrente do pago.
- Para verificar o perfecto estado de montaxe dos elementos estruturais previstos para a realización do evento (palcos, camión-escenario, torretas de iluminación, etc...) debese aportar certificado de revisión anual ou certificado CE e certificado de montaxe asinado por técnico competente, sen os cales non poderá poñerse en funcionamento.
- Salvo que figure expresamente recollido nas condicións da presente autorización, esta non habilitará para utilizar as acometidas de auga, electricidade ou demais servizos municipais.
  - O subministro eléctrico deberá solicitala acometida eléctrica a empresa subministradora ou contar cun grupo electrógeno.
  - Para a acometida de auga e saneamento deberá solicitar punto de de subministro e punto de vertido a empresa concesionaria.

- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a posta en funcionamento dos equipamentos eléctricos con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo electrógeno, entendéndose non autorizado este evento se non dispoñen do mencionado certificado.
- Serán de obrigado cumprimento as “Normas Xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003
- Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poida xerar o evento, incluso durante o mesmo se necesario, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003
- Os vehículos de MMA maior de 10 Tm solicitarán neste Departamento de Seguridade e Mobilidade RESERVA DE CARGA DESCARGA e LICENZA DE CIRCULACION presentando copia do Permiso de Circulación e Ficha Técnica.
- No caso de necesidade de reservas aparcadoiro, con 48 horas de antelación sinalarase con valados e sinal R307 as marxes da rúa ou perímetros do aparcadoiro para impedir o estacionamento, de xeito que se garanta en todo momento o máximo número de carrís libres para a circulación de vehículos. Logo de sinalizar avisará á Policía Local para dar conta da reserva de aparcamento. Teléfono 986810101
- O entorno afectado deberá estar sinalizado e balizado axeitadamente, día e noite, conforme á normativa vixente en materia de circulación e seguridade.
- A Policía Local velará polo estrito cumprimento das normas establecidas e garantirá os mínimos imprescindibles de seguridade viaria, o incumprimento das medidas de seguridade e protección motivará a paralización do evento.
- Non deberán efectuar ningún tipo de buraco naqueles lugares que teñan pavimentos, independentemente da súa natureza.
- O titular da autorización resulta obrigado a conservar en perfecto estado de salubridade, hixiene e limpeza o dominio público municipal ocupado e á reposición de todos os danos que poidan ocasionarse no mesmo como consecuencia da ocupación ou actividade desenvolvida. Igualmente, unha vez finalizado o período de ocupación deberán proceder á total retirada das instalación e aparellos que tivesen ocupado o dominio público con motivo da autorización
- Antes de realizar calquera tipo de actividade, aportaranse or rexistro municipal un reportaxe fotográfico relativo os danos detectados na zona de ocupación. Unha vez rematados os actos comprobarase sobre o terreo a situación en que este queda. O arranxo dos posibles danos correrá por conta da empresa autorizada neste permiso.
- Figurará o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade, merchandaising, carteis etc. que fagan referencia ao evento debendo de ser éste como mínimo de iguais dimensións que o da empresa organizadora e calquera outra empresa ou entidade colaboradora.

CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DAS OCUPACIÓNS DE VÍA PÚBLICA POR EVENTOS DEPORTIVOS.

- *As seguintes condicións só resultarán de obrigado cumprimento na medida en que, atendendo ás concretas particularidades do evento organizado, resulten de aplicación de concorrer as circunstancias que de seguido se relacionan:*
- Será de obrigado cumprimento o ANEXO II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o *Regulamento Xeral de Circulación*.
- Debera notificarse con 48 horas de antelación a tódolos os veciños das rúas afectadas por medio dunha notificación que será facilitada pola Policía Local e colocada nos portais e nas entrada de carruaxes.
- Serán por conta do promotor do evento a sinalización e persoal auxiliar (art. 13 do Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación) necesario e indicado na proposta de sinalización e dispositivos de seguridade aprobada pola Policía Local.
- A saída para o inicio da proba SOLO poderá ser autorizado pola Policía Local unha vez dado o visto bo das medidas de seguridade preceptivas.
- Por parte da Organización do evento deberán realizar anuncio público no caso de que a proba requira corte de rúas.”
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Concellería de Deportes, a organizar o vindeiro domingo 31 de decembro de 2017, o evento deportivo denominado SAN SILVESTRE 2017, a carreira saíra ás 17.00h dende rúa Areal (á altura do nº 8), para seguir ato o cruce de Serafín Avendaño, xiro para seguir por Rosalía de Castro, García Barbón, cruce Colón, xirar por Marqués de Valladares, Fermín Penzol, Praza Constitución, xirar por Triunfo, Praza da Igrexa, Real, Ribeira do Barbés, xiro a dereita Praza do Barbés, Cánovas del Castillo, Teófilo Llorente, Mestre Mateo, Cánovas del Castillo, Montero Rios, Pablo Murillo, xiro dereita, Praza de Compostela, e remate en rúa Areal (nº 8), nos termos indicados nos informes da Policía Local e Seguridade.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1389).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA ENTIDADE “CENTRO DE ACCIÓN CONTRA LA VIOLENCIA EN GALICIA. CEAVIGAL” Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2017”. EXPTE. 7767/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e o concelleiro delegado de Igualdade (Resolución do 18/12/17), que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 7 de setembro de 2017 adoptou o acordo de aprobar a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2017”.

Á entidade “Centro de acción contra la violencia en Galicia. CEAVIGAL”, con CIF: G27825462, expediente 7767-224, foille concedida unha axuda por importe de 1.053,77€ para a realización do proxecto “Creando una nueva masculinidad”.

Con data 11 de decembro de 2017, a entidade “Centro de acción contra la violencia en Galicia.CEAVIGAL” presenta escrito no Rexistro Xeral do concello no que renuncia á subvención concedida (documento nº 170172830).

Segundo a Base Décimo cuarta das bases do programa de subvencións que regulan a dita convocatoria, a beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Tomar coñecemento da renuncia expresa á subvención concedida ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2017” presentada pola entidade “Centro de acción contra la violencia en Galicia. CEAVIGAL”, con CIF: G27825462” quedando concluso o dito procedemento.”

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.



**5(1390).- DAR CONTA DE RENUNCIA DA ENTIDADE “ASOCIACIÓN FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN” Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2017”. EXPTE. 7749/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e o concelleiro delegado de Igualdade (Resolución do 18/12/17), que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 7 de setembro de 2017 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercicio 2017”.

Á entidade Asociación Faraxa, CIF: G27728658, expediente 7749-224, foille concedida unha axuda por importe de 1217,57€ para a realización do proxecto “Potenciar ó asociacionismo de Faraxa nas redes sociais e difusión na cidadanía de Vigo”.

Con data 14 de decembro de 2017, a entidade Asociación Faraxa presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello no que renuncia á subvención concedida (documento nº 170175546).

Segundo a Base Décimo cuarta das bases do programa de subvencións que regulan a dita convocatoria, a beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Tomar coñecemento da renuncia expresa á subvención concedida ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2017” presentada pola entidade “Asociación Faraxa pola abolición da prostitución”, con CIF: G27728658” quedando concluso o dito procedemento.”

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**6(1391).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/12/17 e o informe de fiscalización do 18/12/17, dáse conta do informe-proposta do 13/12/17,

asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución de 22 de xuño de 2017, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación **DUNHA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.**

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo xefe de participación e atención cidadá o 21 de xuño de 2017.
2. Orde de inicio de 22 de xuño de 2017, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, con data do 27 de outubro de 2017, asinado polo xefe de participación e atención cidadá .
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 27 de outubro de 2017, asinado o polo xefe de participación e atención cidadá, co conforme do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
5. Informe do servizo de contratación de data 21 de novembro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral.
6. Prego de cláusulas administrativas de data 21 de novembro de 2017, asinado pola técnica de administración xeral.
7. Informe xurídico de conformidade da letrada-xefa de asesoramento e conformidade da titular da asesoría xurídica de data 12 de decembro de 2017.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distrito, en resolución de 22 de xuño de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 141 da LCSP procede empregar o procedemento aberto.

**Cuarto.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo o día 12 de decembro de 2017, informe favorable ó expediente de contratación.

**Quinto.-** No artigo 109.3 do TRLCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 110.1 TRLCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (3725/321) por procedemento aberto da PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 15 de novembro de 2017 e o prego de cláusulas administrativas de 21 de novembro de 2017 que rexirán a contratación da PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO.

3º.- *Aproba-los gastos que deseguido se relacionan para a contratación do servizo de SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO., con cargo á partida 9240 2279905 "Atención ao público e conserxería centros" do presuposto do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:*

- 98.185,12 € correspondente ao ano 2018.

- 196.370,24 € correspondente ao ano 2019.
- 196.370,24 € correspondente ao ano 2020.
- 196.370,24 € correspondente ao ano 2021.
- 98.185,12 € correspondente ao ano 2022.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1392).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA E A ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES “AMENCER-ASPACE” PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE ENSINANZA E ATENCIÓN INTEGRAL PARA USUARIOS AFECTADOS POR PARÁLISES CEREBRAL. EXPTE. 1473/110.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/17, asinado polo secretario xeral do Pleno e o concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá, que di o seguinte:

#### **Lexislación aplicable.**

LRXSP. Lei 50/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LSSG. Lei autonómica 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

TRLCSP. Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

LXS. Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

#### **Antecedentes.**

A Concellería delegada de Distritos e Participación Cidadá, mediante Resolución de data 27 de outubro, ten iniciado expediente para aprobación dun proxecto de convenio de colaboración coa FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA (FAO) e coa ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES “AMENCER-ASPACE” que teña por obxecto definir o marco de entre a FAO, a Asociación e o Concello de Vigo co propósito de que a AMENCER, co financiamento da FAO, no termo municipal de Vigo e en terreos de titularidade municipal, constrúa un novo centro de ensinanza e atención integral para usuarios dirixido a unha poboación estimada de 145 afectados por parálises cerebral en grado de afectación severa e no tramo de idade dende os 0 aos 21 anos.

Na mesma Resolución o concelleiro delegado, ao amparo do previsto no artigo 71.3 da LPAC, nomea responsable da instrución do expediente (órgano instrutor) ao secretario xeral do Pleno ao obxecto de que propoña ao órgano municipal competente acordo relativo á aprobación de tal proxecto de convenio.

Achégase, como Anexo a este informe xurídico, o proxecto de convenio concretando as súas cláusulas.

En virtude da instrución mencionada e do previsto no artigo 50.2 da LRXSP, emítase o seguinte,

## **INFORME – PROPOSTA**

I. A teor do artigo 47.1 da LRXSP, *“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”*.

Os convenios son negocios xurídicos bilaterais dos que xorde unha relación xurídica de vinculación o seu contido; un dos suxeitos ten que ser unha unha Administración Pública; outra característica é o alcance dun *fin común* dos suxeitos intervintes.

O fin común (ou o “asunto de interese común”, segundo o artigo 57 da LBRL) é a construción e posterior posta en funcionamento dun novo centro de ensinanza e atención integral para usuarios dirixido a unha poboación estimada de 145 afectados por parálises cerebral en grado de afectación severa e no tramo de idade dende os 0 aos 21 anos.

A FAO foi constituída ante notario o 10.07.2001; por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública foi declarada de interese galego, (D.O.G. 25-09-01); segundo o artigo 6 dos seus Estatutos ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadruven á difusión e extensión da cultura, da educación, da investigación e da ciencia en calquera das súas manifestacións.

A Asociación de atención a la parálisis cerebral y afines, “AMENCER-ASPACE”, foi constituída en data de 29 de maio de 1991, declarada de interese público en virtude de Orde do Ministerio de Interior de 22 de abril de 1997 e inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións co número 1991/002358-1, segundo consta no artigo Cuarto a) dos seus Estatutos, ten como fin principal, “Facilitar no posible os medios axeitados para que os diminuídos psico-físicos, adquiren os coñecementos e aptitudes necesarios para a integración na sociedade”.

O Concello de Vigo, segundo dispón o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos dirixidos a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre outras, a prestación de servizos sociais e de promoción social, artigo 25.2.k); neste sentido o artigo 60.1.h) da Lei autonómica 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recoñece aos Concellos competencia para o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na intervención social.

O convenio observa un “fin común”; o seo obxecto adecúase ás competencias municipais legalmente previstas.

II. A LRXSP, artigos 48.4, 5 e 6 refírese aos convenios que inclúan compromisos financeiros para as Administracións e advirte que, (i) tales compromisos axustaranse ao disposto na lexislación

orxamentaria; (ii) que serán financeiramente sostibles e, (iii) que non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Ao marxe das esixencias orxamentarias e formais da xestión do gasto previsto e da súa sostibilidade financeira, aspectos dos que informará a Intervención xeral, o importe previsto da subvención municipal, 32.625 €, resulta sensiblemente inferior dos que se deriven da construción da Centro.

A subvención directa prevista, de conformidade co artigo 22.2 da LXS, acredítase no seu carácter singular así como nas xustificadas razóns de interese público, social e humanitario que imposibilitan a concorrencia para a súa percepción.

Conforme ao artigo 48.3 da LRXSP a subscrición do convenio mellora a eficiencia da xestión municipal, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre, ao noso xuízo, coa lexislación de estabilidade orxamentaria e sustentabilidade financeira.

III. Conforme ao artigo 49.1 da LRXSP o proxecto de convenio menciona as seguintes materias:

- a) Suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica con que actúan.
- b) Competencia na que se fundamenta a actuación da Admón. municipal. Expoñendo III.
- c) Obxecto e actuacións a realizar por cada parte indicando a titularidade dos resultados obtidos. Cláusula Primeira.
- d) Obrigacións e compromisos económicos asumidos polas partes indicando, respecto da Administración municipal, a imputación concreta o orzamento. Cláusulas Segunda, Quinta e Sexta.
- e) Consecuencias no caso de incumprimento das obrigas e compromisos. Cláusula Décima.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos, resolvendo os problemas de interpretación e cumprimento que podan propoñerse. Cláusula Novena.
- g) Réxime de modificación do convenio. Cláusula Décima.
- h) Prazo de vixencia. Cláusula Undécima.

V. O órgano municipal competente para a aprobación do proxecto de convenio é a Alcaldía no exercicio da potestade residual prevista no artigo 124.2.ñ) da LBRL, non obstante a Resolución do alcalde de data 19.06.2015 no parágrafo Cuarto, apartado 18, delega nos concelleiros a proposta á Xunta de Goberno Local para a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas que teñen por obxecto o fomento de actividades de interese público que complementen os servizos municipais, razón suficiente para considerar implicitamente delegada na Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios de colaboración con entidades privadas.

VI. Conforme ao artigo 50.1 da LRXSP, o expediente incorporárase Memoria xustificativa do convenio a subscribir confeccionada pola Concellería delegada que analizará a súa necesidade, oportunidade e impacto económico.

En virtude do exposto esta Secretaría considera que o proxecto de convenio se adecúa á normativa de aplicación polo que, previa a fiscalización do expediente pola Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se adxunta como Anexo a este acordo a subscribir coa Fundación Amancio Ortega e a Asociación de atención á parálise cerebral e afíns "AMANCER- ASPACE" para a construción pola Asociación no termo municipal de Vigo, e co financiamento da Fundación, un novo centro de ensinanza e atención integral para usuarios dirixido a unha poboación estimada de 145 afectados por parálises cerebral en grado severo e no tramo de idade dende os 0 aos 21 anos.

SEGUNDO. Designar como representante municipal na Comisión Mixta de Seguimento do Convenio a don Ángel Rivas González, concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá, que será asistido polo funcionario técnico municipal que sexa designado por este.

TERCEIRO. Aprobar e autorizar un gasto en concepto de subvención directa para os fins previstos (construcción Centro atención parálises cerebral) por importe de 32.625,00 € con cargo á aplicación 9240.780 dos orzamentos da presente anualidade (2017)

CUARTO. Instar ao Servizo de Patrimonio á segregación de 6.068 m<sup>2</sup> na parcela de titularidade municipal identificada no Inventario Municipal de Bens como ben patrimonial baixo o número 1-1805 conforme ao plano de deslinde e delimitación que consta no documento anexo o convenio.

QUINTO. Instar ao Servizo de Patrimonio a tramitación, conforme ao procedemento sinalado no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, de expediente de cesión gratuíta (transmisión) da parcela segregada a favor de AMENCER.

SEXTO. Facultar ao concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá para calquera acto de instrución que requira a sinatura e a execución do convenio aprobado, así como para a súa modificación e inclusión de *addendas* dando conta á Xunta de Goberno Local.

SÉTIMO. Notificar o presente acordo á Fundación Amancio Ortega, á Asociación de atención á parálise cerebral e afíns "AMANCER- ASPACE", o Servizo de Patrimonio, a Intervención xeral e proceder a súa publicación na páxina web do Concello (transparencia).

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ANEXO

### CONVENIO ADMINISTRATIVO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA, A ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES “AMENCER-ASPACE” E O CONCELLO DE VIGO

En Vigo, a X de decembro de 2017

#### REUNIDOS

Dunha parte, don Óscar Ortega Chávez, Director Xeral da FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA en nome e representación da Fundación constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data de 10 de xullo de 2001; clasificada como Fundación mixta por Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG nº 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG nº 186, do 25 de outubro), consta inscrita no Rexistro Único de Fundacións co número 2001/25. Ten CIF G – 15797277.

Doutra, don Carlos Godoy Casalderrey, en nome e representación da ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES “AMENCER-ASPACE”, CIF G 36153757, Presidente da Asociación, constituída en data de 29 de maio de 1991, declarada de interese público en virtude de Orde do Ministerio de Interior de 22 de abril de 1997 e inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións co número 1991/002358-1

Doutra, don Abel Ramón Caballero Álvarez, en representación do CONCELLO DE VIGO en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da Corporación segundo o disposto no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, asistido polo secretario xeral do Pleno, don José Riesgo Boluda, que da fe do negocio xurídico.

As partes, segundo interveñen, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e a cuxo efecto,

#### EXPOÑEN

I. A Fundación Amancio Ortega (en diante a FAO), é unha institución privada sen ánimo de lucro que, conforme ao artigo 6 dos seus Estatutos, ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadruven á difusión e extensión da cultura, da educación, da investigación, da acción social e asistencial e da ciencia en calquera das súas manifestacións.

II. A ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES “AMENCER-ASPACE” (en adiante, “AMENCER”) é unha institución dedicada á atención de usuarios afectados por parálises cerebral; segundo consta no artigo Cuarto a) dos seus Estatutos, ten como fin principal o seguinte,:

Facilitar no posible os medios axeitados para que os diminuídos psico-físicos, adquieran os coñecementos e aptitudes necesarios para a integración na sociedade.

III. O Concello de Vigo, segundo dispón o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións



da comunidade veciñal, entre outras, a prestación de servizos sociais e de promoción social, artigo 25.2.k); neste sentido o artigo 60.1.h) da Lei autonómica 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, recoñece aos Concellos competencia para o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na intervención social.

IV.- AMENCER desexa acometer a construción, no termo municipal de Vigo, dun novo centro de ensinanza e atención integral dirixido a unha poboación estimada de 145 afectados por parálises cerebral un grao de afectación severa e no tramo de idade dende os 0 aos 21 anos (en adiante, o “Centro AMENCER”), estando interesada a FAO en colaborar na oferta de centros destinados a persoas afectadas por parálises cerebral mediante o financiamento da construción do mesmo.

V.- As partes, conscientes da postura solidaria e participativa de AMENCER na prestación de servizos sociais aos cidadás e conscientes da necesidade de que a Asociación AMENCER se dote no termo municipal de Vigo da instalación citada, manifiestan e declaran a súa intención expresa de colaborar na implantación da mesma polo que a tal efecto formalizan o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA. Obxecto do Convenio.**

É obxecto deste Convenio definir o marco de colaboración entre a AMENCER, a FAO e o Concello de Vigo co propósito de que a AMENCER, co financiamento da FAO, no termo municipal de Vigo e en terreos de titularidade municipal, constrúa un novo centro de ensinanza e atención integral para usuarios dirixido a unha poboación estimada de 145 afectados por parálises cerebral en grado de afectación severa e no tramo de idade dende os 0 aos 21 anos.

Finalizadas as obras de construción, a instalación integrarase no patrimonio de AMENCER que asumirá a xestión da actividade e o mantemento e conservación da instalación/edificación.

### **SEGUNDA. Cesión gratuíta de parcela. Prazo para o seu outorgamento.**

O Concello de Vigo, no prazo dos tres meses seguintes á sinatura do presente Convenio e considerando os fins expostos, tramitará e resolverá conforme o procedemento sinalado no artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, expediente de cesión gratuíta (transmisión) a favor de AMENCER relativo a parcela da súa propiedade dunha superficie de 6.068,00 m<sup>2</sup>, localizada no camiño de Areeiro s/n, Bembrive, con referencia catastral 701445NG1771S, identificada provisionalmente no Inventario Municipal de Bens baixo o número 1-1805. Axúntase plano de deslinde como Anexo I, sen prexuízo da superficie definitiva que resulte do replanteo da obra.

Considerando razóns de interese público, social e humanitario o Concello de Vigo satisfará para os fins previstos unha subvención directa de 32.625,00 € con cargo á aplicación 9240.780 dos orzamentos da presente anualidade (2017) que será instada por AMENCER no trámite de solicitude de licenza urbanística e xustificarse co outorgamento de tal licenza e os posteriores pagos das certificacións de obra expedidas; así mesmo o Concello de Vigo comprométese a xestionar coas mercantís subministradoras dos servizos de gas e enerxía o desvío das redes que transcorren pola parcela procurando un traxecto alternativo que posi-

bilite á parcela o uso previsto, o novo trazado non incrementará os compromisos que a FAO asume neste Convenio.

### **TERCEIRA. Condicións da cesión dos terreos de propiedade municipal.**

A cesión gratuíta (transmisión) realizarase co exclusivo fin indicado e rexerese polas condicións que determine o acordo de cesión; en todo caso, se a parcela transmitida non fora destinada ao uso previsto dentro do prazo sinalado na Cláusula Sexta ou deixara de selo nos trinta anos seguintes á data de finalización do Convenio, considerarase resolta a cesión revertendo, previo expediente contradictorio, a parcela ao patrimonio do Concello de Vigo con todas as súas pertenzas e accesións.

### **CUARTA. Licencia urbanística. Prazo de solicitude.**

No prazo dos tres meses seguintes á data de notificación do acordo de cesión gratuíta (transmisión) AMENCER solicitará na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a correspondente licencia urbanística mediante a presentación do proxecto arquitectónico básico, que incluírá a urbanización do fronte da parcela, e demais documentación precisa; AMENCER instará que a obra sexa declarada de *“especial interese ou utilidade municipal”* ao obxecto de que se lle aplique a bonificación fiscal do 95% na cota do ICIO prevista no artigo 3.3 da Ordenanza Fiscal núm. 5 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

A edificación axustarase ás determinacións do PXOM en cuanto a equipamentos en zonas de edificación aberta, cunha edificabilidade máxima de 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>; soto, planta baixa e cumprimento das normas en cuanto a retranqueos, ocupación, peches, e demais condicións xerais da edificación previstas no PXOM.

Axúntase plano das características básicas e superficies dos distintos usos do Centro como Anexo nº 2 no que consta unha superficie total construída de 2.815,00 m<sup>2</sup>, sen prexuízo do que finalmente determine o proxecto de execución.

### **QUINTA. Financiamento da construción.**

Outorgada a preceptiva licencia urbanística, a FAO comprométese a doar a AMENCER, con arranxo aos termos e condicións acordados entre ambas institucións, a cantidade necesaria para a construción por esta última do “Centro AMENCER”, con suxeición ao proxecto básico e de execución presentado e a que corresponda ás obras de urbanización da sección da estrada á que da fronte a parcela. A FAO será allea ao proceso construtivo do Centro AMENCER.

### **SEXTA. Prazos de execución e posta en funcionamento.**

Outorgada a preceptiva licencia urbanística, o prazo máximo para o inicio da obra será de seis meses, non podendo transcorrer máis de dezoito meses desde a data de inicio da obra ata a súa completa finalización. Finalizada a obra corresponderá a AMENCER a posta en funcionamento da dotación (“Centro AMENCER”), a súa xestión, o seu mantemento e conservación.

AMENCER, no funcionamento e xestión do Centro, comprométese á poñer a disposición dos Servizos Sociais do Concello de Vigo, un 3 % das prazas existentes ao obxecto de atender usuarios que xustificadamente e por razóns de necesidade demanden o servizo de AMENCER.

#### **SÉTIMA. Publicidade.**

AMENCER e o Concello de Vigo farán constar o patrocinio da FAO nos termos previamente consensuados por esta con cada unha das outras dúas institucións.

#### **OITAVA. Colaboración mutua.**

As partes comprométese a prestar colaboración mutua para a efectividade dos acordos reflectidos no presente convenio e na cumprimentación dos trámites que sexan necesarios, aportando a información ou documentación que sexa precisa para iso, así como a que respectivamente lles sexa solicitada.

#### **NOVENA. Comisión Mixta de seguimento.**

O seguimento e avaliación das actuacións previstas no presente convenio encoméndase a unha Comisión Mixta integrada por un representante de cada unha das partes; reuniranse cando así o solicite algunha parte e, cando menos, cunha periodicidade semestral.

A Comisión Mixta velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e terá atribuídas as seguintes competencias:

a) A supervisión do cumprimento dos prazos de execución e o seguimento das obras do "Centro AMENCER".

b) A aprobación de modificacións de prazos, cando concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e así apreciadas no seo da Comisión.

As discrepancias que xurdan no exercicio das competencias descritas así como as relativas á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente Convenio serán resoltas pola Comisión, comprometéndose as partes a resolver de xeito amistoso estas discrepancias no seo da mesma.

Na primeira sesión a Comisión designará, entre os seus membros, un secretario que levantará Acta do acordado. Os representantes de cada unha das partes poderán acudir as reunións da Comisión acompañadas de persoal técnico (unha persoa) que, ostentará voz pero non voto.

#### **DÉCIMA. Causas de resolución. Modificación do convenio.**

Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das Cláusulas establecidas no mesmo.

Non obstante, de producírense a xuízo da FAO desacordos reiterados no seo da Comisión Mixta que dean lugar á imposibilidade de chegar a unha solución amistosa despois de, cando menos, dúas sesións, e que impidan a correcta execución e desenvolvemento do convenio, a FAO poderá instar a resolución do convenio. Neste caso, producirase a reversión da parcela a favor do Concello no estado no que se atope, sen que se xere dereito a obter ou esixir ningún tipo de compensación.

A modificación do contido do convenio requirirá acordo expreso das tres partes asinantes.

### **UNDÉCIMA. Duración.**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase co cumprimento das obrigas nos prazos previstos na Cláusula Sexta, feito que acreditarase mediante o certificado final de obra, salvo resolución anticipada segundo o previsto na Cláusula anterior.

### **DUODÉCIMA. Carácter administrativo do convenio.**

O presente convenio, dado o seu obxecto, ten carácter administrativo; os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas Cláusulas, para o non previsto nelas e para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse aplicaráselle os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a aplicación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas de conformidade co establecido na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Lido o presente documento polas partes, encóntrano conforme e, en proba diso, asínano por cuadruplicado exemplar e a un solo efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

### **8(1393).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA PARA A CONSTRUCCIÓN POLA FUNDACIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL. EXPTE. 1472/110.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 21/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/17, asinado polo secretario xeral do Pleno e o concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá, que di o seguinte:

#### **Legislación aplicable.**

LRXSP. Lei 50/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

LOE. Lei 2/2006, de 2 de maio, Orgánica de Educación.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

TRLCSP. Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

LEPSF. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

LXS. Lei 38/2003, do 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

#### **Antecedentes.**

A Concellería delegada de Distritos e Participación Cidadá, mediante Resolución de data 23 de outubro, ten iniciado expediente para aprobación dun proxecto de convenio de colaboración coa Fundación Amancio Ortega (FAO) que ten por obxecto a construción pola Fundación, en terreos de titularidade municipal localizados no Camiño de Areeiro s/n, Bembrive,

dunha Escola Infantil de nenos de 0 anos a 3 anos para un máximo de 6 unidades e 82 prazas.

Na mesma Resolución a concelleiro delegado, ao amparo do previsto no artigo 71.3 da LPAC, nomea responsable da instrución do expediente (órgano instrutor) ao secretario xeral do Pleno ao obxecto de que propoña ao órgano municipal competente acordo relativo á aprobación de tal proxecto de convenio.

Achégase, como Anexo a este informe xurídico, o proxecto de convenio concretando as súas cláusulas.

En virtude da instrución mencionada e do previsto no artigo 50.2 da LRXSP, emítese o seguinte,

## **INFORME - PROPOSTA**

I. A teor do artigo 47.1 da LRXSP, *“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”*.

Os convenios son negocios xurídicos bilaterais dos que xorde unha relación xurídica de vinculación o seu contido; un dos suxeitos ten que ser unha unha Administración Pública; outra característica é o alcance dun *fin común* a ambos suxeitos.

O fin común (ou o “asunto de interese común”, segundo o artigo 57 da LBRL) é a construción e posterior posta en funcionamento dunha Escola Infantil de primeiro ciclo (ata os tres anos).

A FAO foi constituída ante notario o 10.07.2001; por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública foi declarada de interese galego, (D.O.G. 25-09-01); segundo o artigo 6 dos seus Estatutos ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da cultura, da educación, da investigación e da ciencia en calquera das súas manifestacións.

A LBRL, no artigo 25.1, sinala que os Municipios, no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; neste sentido o artigo 15.1 da LOE, referíndose o primeiro ciclo de Educación Infantil (hasta os tres anos) sinala que é competencia das Administracións públicas promover un incremento progresivo da oferta de prazas públicas neste ciclo e que a tal fin coordinarán as súas políticas con outras entidades para asegurar a oferta educativa mediante convenios que tamén poden subscribirse con entidades privadas sen fines de lucro.

O convenio observa un “fin común”; o seu obxecto adecúase ás competencias municipais legalmente previstas.

II. O artigo 47.1 da LRXSP no parágrafo terceiro advirte, “Os convenios non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos”.

O obxecto do convenio é a construción pola FAO dunha Escola, é dicir, a realización dunha obra (contrato típico, artigo 6 TRLCSP). Baixo esta estrita visión podería entenderse que non cabe a formalización do convenio previsto. Non é así. Característica necesaria dos contratos administrativos, artigo 2.1 TRLCSP, é a onerosidade, de tal xeito que, aínda que nos atope-mos ante unha actividade típica contractual, haberá convenio senón existe tal condición esencial. A diferenza entre o obxecto do contrato e o obxecto do convenio radica na causa; nos convenios non existen entre as partes intercambio de prestacións senón participación de ambas, *intuitu personae*, e en posición de igualdade “nun fin común”, de aí que a achega económica municipal prevista (subvención), mais que un prezo é un compromiso financeiro que se adquire, na proporción convida, para consecución do fin perseguido.

III. A construción da Escola Infantil atópase suxeita ao trámite de outorgamento de licenza urbanística. O beneficiario final da actividade municipal do outorgamento de licenza é o Concello de Vigo en tanto en canto o edificio, concluída a construción da Escola, integrarase no patrimonio municipal; o exposto implica que no trámite de solicitude de licenza que formalice a FAO, non se esixirá taxa por tal actividade ao ostentar o Concello de Vigo, conforme o sinalado os artigos 16 da Lei 8/1989, de 13 de abril de Taxas e Prezos Públicos e 23 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, a condición de suxeito pasivo do tributo.

IV. A LRXSP, artigos 48.4, 5 e 6 refírese os convenios que inclúan compromisos financeiros para as Administracións e advirte que, (i) tales compromisos axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria; (ii) que serán financeiramente sostibles e, (iii) que non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Ao marxe das esixencias orzamentarias e formais da xestión do gasto previsto e da súa sostibilidade financeira, aspectos dos que informará a Intervención xeral, o importe previsto da subvención municipal -2.222,50 € resultará sensiblemente inferior dos que se deriven da construción da Escola.

A subvención directa prevista, de conformidade co artigo 22.2 da LXS, acredítase no seu carácter singular e en xustificadas razóns de interese público e social que imposibilitan a concorrencia.

Conforme ao artigo 48.3 da LRXSP a subscripción do convenio mellora a eficiencia da xestión municipal, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre, ao noso xuízo, coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

V. Conforme ao artigo 49.1 da LRXSP o proxecto de convenio menciona as seguintes materias:

- a) Suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica con que actúan.
- b) Competencia na que se fundamenta a actuación da Administración municipal. Expoñendos II e IV.
- c) Obxecto e actuacións a realizar por cada parte indicando a titularidade dos resultados obtidos. Cláusula Primeira.

d) Obrigacións e compromisos económicos asumidos polas partes indicando, respecto da Administración municipal, a imputación concreta o orzamento. Cláusulas Segunda e Terceira.

e) Consecuencias no caso de incumprimento das obrigas e compromisos. Cláusula Oitava.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos, resolvendo os problemas de interpretación e cumprimento que podan proñerse. Cláusulas Sétima e Oitava.

g) Réxime de modificación do convenio. Cláusula Oitava.

h) Prazo de vixencia. Cláusula Novena.

VI. O órgano municipal competente para a aprobación do proxecto de convenio é a Alcaldía no exercicio da potestade residual prevista no artigo 124.4.ñ) da LBRL, non obstante a Resolución do alcalde de data 19.06.2015 no parágrafo Cuarto, apartado 18, delega nos concelleiros a proposta á Xunta de Goberno Local para a aprobación dos convenios de colaboración que deban subscribirse con entidades privadas que teñen por obxecto o fomento de actividades de interese público que complementen os servizos municipais, razón suficiente para considerar implicitamente delegada na Xunta de Goberno Local a aprobación dos convenios con entidades privadas.

VII. Conforme ao artigo 50.1 da LRXSP, o expediente incorporárase Memoria xustificativa do convenio a subscribir confeccionada pola Concellería delegada que analizará a súa necesidade, oportunidade e impacto económico.

VIII. No informe de fiscalización de data 19.12.2017 advírtese que a construción e posta en funcionamento da Escola Municipal supoñerá para a Administración municipal un gasto de conservación, funcionamento e mantemento que, conforme o artigo 48 da LRXSP, debe ser financeiramente sostible e obxecto de cálculo; neste sentido cabe informar que na actualidade o Concello de Vigo ten en funcionamento oito escolas infantís para un potencial de 620 alumnos ocasionando iso un gasto total nos orzamentos municipais (Programa 3230) de 1.294.149 euros, o que implica un gasto por alumno de 2.087,34 €/ano incluíndo material escolar; a Escola prevista no Convenio a subscribir o é para 82 prazas, polo que o gasto anual aproximado no momento da súa posta en marcha (2019) será de 171.161,88 euros, que no seu día serán satifeitos con cargo o Programa 3230, cantidade que nas primeiras anualidades minorárase considerando a aportación inicial de material didáctico por parte da FAO. Sen prexuízo do que sinala o informe de fiscalización cabe entender que o compromiso de gasto para exercicios futuros, se atopa nos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial polo que cumpre o sinalado na LEPSF.

En virtude do exposto esta Secretaría considera que o proxecto de convenio se adecúa á normativa de aplicación polo que, previa a fiscalización do expediente pola Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se adxunta como Anexo a este acordo a subscribir coa Fundación Amancia Ortega, CIF G-15797277, para a construción pola Fundación no termo municipal de Vigo dunha Escola infantil de 6 unidades de nenos de 0 anos a 3 anos e para un máximo de 82 prazas así como a dotación inicial do mobiliario e material didáctico para o seu adecuado funcionamento.

SEGUNDO. Designar como representantes municipais na Comisión Mixta de Seguimento do Convenio a don Ángel Rivas González, concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá, e o funcionario técnico municipal do Servizo de Educación que sexa designado por este.

TERCEIRO. Aprobar un gasto en concepto de subvención directa para os fins previstos (construcción Escola Infantil) por importe de 2.222,50 € con cargo á aplicación 9240.780 dos orzamentos da presente anualidade (2017)

CUARTO. Prever, a efectos de imputación contable para os exercicios 2019 e seguintes, un gasto aproximado de 171.161,88 euros anuais para a conservación, funcionamento, vixilancia e mantemento da Escola Infantil que será satisfeito con cargo o Programa 3230.

QUINTO. Instar ao Servizo de Patrimonio á segregación de 3.542 m2 na parcela de titularidade municipal identificada provisionalmente no Inventario Municipal de Bens como ben patrimonial baixo o número 1-1805 conforme o plano de deslinde e delimitación que consta no documento anexo o convenio.

SEXTO. Facultar ao concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá para calquera acto de instrución que requira a sinatura e execución do convenio aprobado, así como para a súa modificación e inclusión de *addendas* dando conta á Xunta de Goberno Local..

SÉTIMO. Notificar o presente acordo á Fundación Amancio Ortega, ao Servizo de Patrimonio, o Servizo de Educación, a Tesourería municipal (Orzamentos) e proceder a súa publicación na páxina web do Concello.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL PARA NENOS DE 0 ANOS A 3 ANOS NO CONCELLO DE VIGO

Vigo, X de decembro de 2017

#### REUNIDOS

Dunha parte, don Óscar Ortega Chávez, Director Xeral da Fundación Amancio Ortega en nome e representación da Fundación constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data de 10 de xullo de 2001; clasificada como Fundación mixta por Orde do 3 de setembro de 2001



(DOG nº 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG nº 186, do 25 de outubro). Ten CIF G-15797277.

Doutra, don Abel Ramón Caballero Álvarez, en representación do Concello de Vigo en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación segundo o disposto no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, asistido polo secretario xeral do Pleno, don José Riesgo Boluda, que da fé do negocio xurídico.

As partes, segundo interveñen, recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e a cuxo efecto,

## EXPOÑEN

I. Que a Fundación Amancio Ortega (en diante a FAO), conforme o artigo 6 dos seus Estatutos, ten por obxecto a promoción, fomento, desenvolvemento, execución e financiamento de todo tipo de actividades que coadruven á difusión e extensión da cultura, da educación, da investigación e da ciencia en calquera das súas manifestacións.

II. Que a FAO está interesada en colaborar á mellora das condicións e oferta das prazas públicas do primeiro ciclo de Educación Infantil existentes na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a construción de edificios e/ou instalacións axeitadas.

III. Que o Concello de Vigo, segundo dispón o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

IV. Que o artigo 15.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que as Administracións Públicas -entre elas o Concello de Vigo- deben promover un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de Educación Infantil establecendo políticas de cooperación con outras entidades -inclusive privadas sen fins de lucro- para asegurar a oferta educativa neste ciclo, determinando tal cooperación, e as condicións da mesma, mediante a sinatura de convenios.

En virtude do exposto a FAO e o Concello de Vigo formalizan o presente convenio de colaboración coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. Obxecto.**

É obxecto deste convenio definir o marco de colaboración entre a FAO e o Concello de Vigo para a construción pola FAO no termo municipal de Vigo dunha Escola infantil de 6 unidades de nenos de 0 anos a 3 anos e para un máximo de 82 prazas así como a dotación inicial do mobiliario e material didáctico para o seu adecuado funcionamento. Finalizadas as obras de construción o equipamento integrarase no patrimonio do Concello e na súa rede municipal de centros educativos, destinándose o fin exposto nos seguintes cincuenta anos.

### **SEGUNDA. Marco xeral de colaboración.**

Co fin de posibilitar a realización das actuacións previstas, defínense as seguintes liñas básicas de actuación:

a) O Concello de Vigo, co fin de que se leve a cabo a construción sinalada, instruirá o expediente e os trámites necesarios para acordar, polo órgano municipal competente, a posta a disposición (cesión temporal) en favor da FAO dunha parcela de titularidade municipal de 3.542,00 m<sup>2</sup>, localizada no camiño de Areeiro s/n, Bembrive, con referencia catastral 701445NG1771S, identificada provisionalmente no Inventario Municipal de Bens baixo o número 1-1805, (axúntase plano de deslinde como Anexo I, sen prexuízo da superficie definitiva que resulte do replanteo da obra). Acordada polo órgano municipal competente a posta a disposición, asinarase a correspondente Acta de Entrega.

b) Posta a disposición a parcela, a FAO, con cargo ao seu patrimonio, por sí mesma ou por medio de terceiros, responsabilizarase da redacción do proxecto técnico construtivo, da construción da Escola Infantil, da dotación inicial de mobiliario e material didáctico que posibilite o seu adecuado funcionamento e dos traballos de urbanización da sección da estrada á que da fronte a parcela.

c) Rematada a construción, a FAO reintegrará ó patrimonio do Concello a posesión da parcela e doará a Escola nela realizada e o equipamento inicial de mobiliario e material didáctico. A partir de tal data, na que se asinará a correspondente Acta de Recepción, corresponderá ó Concello a posta en funcionamento da dotación educativa, así como o seu mantemento e conservación.

#### **TERCEIRA. Construción do centro e licenza de obras.**

a) Previamente á realización daqueles trámites que sexan necesarios para a obtención dos permisos ou licenzas que puideran derivarse da construción ou o inicio da actividade na Escola, a FAO poñerá en coñecemento do Concello de Vigo o proxecto de construción e o equipamento inicial de mobiliario e material didáctico; o Concello, a través dos seus servizos técnicos, emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos urbanísticos e demais normativa sectorial e funcional.

b) Emitido o informe, a FAO solicitará a oportuna licenza de obras instando que a obra sexa declarada de “especial interese ou utilidade municipal” ao obxecto de que se lle aplique a bonificación fiscal do 95% na cota do imposto sobre construcións prevista no artigo 3.3 da Ordenanza Fiscal núm. 5 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Sendo o beneficiario final da actividade municipal do uotorgamento de licenza urbanística o Concello de Vigo en tanto en canto o edificio de Escola Infantil integrárase -tras a doazón conveniada- no patrimonio municipal, no trámite de solicitude de licenza que formalize a FAO, non esixírase taxa por tal actividade o ostentar o Concello, conforme o sinalado os artigos 16 da Lei 8/1989, de 13 de abril de Tasas e Prezos Públicos e 23 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, a condición de suxeito pasivo do tributo.

c) O Concello realizará unha aportación de 2.222,50 € con cargo os orzamentos do ano 2017 con cargo á aplicación 9240.780; así mesmo o Concello de Vigo comprométese a xestionar coas mercantís subministradoras dos servizos de gas e enerxía o desvío das redes que transcorren pola parcela procurando un traxecto alternativo que posibilite á parcela o uso previsto; o novo trazado non incrementará os compromisos que a FAO asume neste Convenio.

#### **CUARTA. Prazos de execución e posta en funcionamento.**

Posta a parcela á disposición da FAO, o prazo máximo para o inicio da obra de construción será de seis meses desde a obtención dos permisos ou licenzas necesarias para elo, non podendo transcorrer máis de doce meses desde a data de inicio da obra ata a súa completa finalización.

A posta en funcionamento da escola infantil realizarase no mes de setembro inmediatamente posterior á recepción da obra, non podendo transcorrer un prazo superior a vinte e seis meses entre a posta da parcela á disposición da FAO e a posta en funcionamento da Escola Infantil.

#### **QUINTA.- Establecemento do servizo.**

As prazas de educación infantil que se creen serán de titularidade pública asumindo o Concello a responsabilidade da posta en funcionamento e xestión no prazo previsto na Cláusula anterior.

O Concello, considerando a matrícula de cada curso escolar, comprométese a dotar no orzamento municipal os créditos que resulten necesarios para a xestión, funcionamento, mantemento e conservación da Escola Infantil.

#### **SEXTA.- Publicidade das actuacións.**

Os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración estableceranse pola Fundación Amancio Ortega, sen prexuízo do cumprimento das correspondentes obrigas en materia de publicidade por parte do Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA. Comisión Mixta de seguimento.**

O seguimento e avaliación das actuacións previstas no presente convenio encoméndase a unha Comisión Mixta integrada por dous representantes da FAO e dous representantes do Concello; reuniranse cando así o solicite algunha das partes e, cando menos, cunha periodicidade semestral.

A Comisión Mixta velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e terá atribuídas as seguintes competencias:

- a) A supervisión do cumprimento dos prazos de execución e o seguimento das obras da Escola.
- b) A aprobación de modificacións de prazos, cando concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e así apreciadas no seo da Comisión que determinen a imposibilidade de dar cumprimento aos prazos inicialmente previstos.

As discrepancias que xurdan no exercicio das competencias descritas así como as relativas á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente Convenio serán resoltas pola Comisión, comprometéndose as partes a resolver de xeito amistoso estas discrepancias no seo da mesma.

Na primeira sesión a Comisión designará, entre os seus membros, un secretario que levantará, en cada sesión, Acta do acordado. Os representantes de cada unha das partes poderán acudir as reunións da Comisión acompañadas de persoal técnico (unha persoa) que, ostentará voz pero non voto.

#### **OITAVA. Causas de resolución. Modificación do convenio.**

Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das Cláusulas establecidas no mesmo.

Non obstante, de producírense a xuízo da FAO desacordos reiterados no seo da Comisión Mixta que dean lugar á imposibilidade de chegar a unha solución amistosa despois de, cando menos, dúas sesións, e que impidan a correcta execución e desenvolvemento do convenio, a FAO poderá instar a resolución do convenio. Neste caso, producirase a reversión da parcela a favor do Concello no estado no que se atope, sen que se xere dereito a obter ou esixir ningún tipo de compensación.

A modificación do contido do convenio requirirá acordo expreso dos dous asinantes.

#### **NOVENA. Duración.**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase na data de sinatura da Acta de doazón da Escola e do equipamento inicial de mobiliario e material didáctico salvo resolución anticipada do mesmo segundo o previsto na Cláusula anterior.

#### **DÉCIMA. Carácter administrativo do convenio.**

O presente convenio, dado o seu obxecto, ten carácter administrativo; os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas Cláusulas, para o non previsto nelas e para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse aplicaráselle os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a aplicación, modificación, efectos e resolución do presente convenio serán resoltas de conformidade co establecido na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

#### **9(1394).- PRÓRROGA DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DE USO DO LOCAL NO EDIFICIO N.º 7 DA PRAZA DA PRINCESA, A FAVOR DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 20037/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/17, dáse conta do informe-proposta do 14/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local en sesión do 12 de febreiro do 2016 acordou autorizar ó Consorcio do Casco Vello de Vigo, o uso temporal, como sede provisional, do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa, desta cidade de Vigo.

Dita autorización administrativa formalizouse en documento administrativo en data 22 de abril do 2016, establecendose como prazo de duración ata ó 30.12.2017, poidendo ser prorrogado por períodos anuais até un máximo de dous anualidades.

**SEGUNDO.-** O Xerente do Consorcio do Casco Vello solicitou, o pasado 7/12/2017, a prórroga do uso temporal do local cedido, ó manterse as circunstancias que motivaron no seu día a solicitude de cesión, e nos mesmos termos nos que esta acordouse pola Xunta de Goberno Local o 12/2/2016.

**TERCEIRO.-** Dacordo coas condicións na que foi otorgada a autorización, e no que atinxe a prórroga do prazo inicial polo que concedeuse, sinalar que segundo reflexase no apartado 3º da cláusula primeira da autorización “ *O prazo da autorización fíxase ata ó 30.12.2017, poidendo ser prorrogado por períodos anuais até un máximo de dous anualidades, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude pola entidade usuaria feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.*”.

Conseguentemente, está prevista a posible prórroga da cesión nos termos anteriormente expostos, polo que unha vez que foi interesada a súa concesión pola entidade cesionaria (aínda que sin a antelación estipulada), poderá potestativamente o órgano de goberno municipal acceder á mesma, no suposto de que así o estime convinte atendendo ao interese xeral manténdose, como sinala a cesionaria, as mesmas circunstancias que xustificaron no seu día a cesión de uso acordada.

A prórroga da autorización non opera tacitamente, requirindo no presente caso acordo expreso do órgano municipal, que deberá adoptarse antes do remate do prazo inicial pola que foi otorgada(30/12/2017).

**CUARTO.-** Resulta competente para a adopción do acordo de prórroga, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na normativa reguladora do réximen local.

Por todo o que antecede proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

*UNICO.- Autorizar a prórroga, polo periodo dun (1)ano, da autorización administrativa otorgada ó Consorcio do Casco Vello de Vigo por acordo da Xunta de Goberno Local o 12 de febreiro do 2016, para o uso temporal como sede provisional, do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa, nos mesmos termos e condicións nos que foi acordada.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1395).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 21/09/17 QUE APROBA A PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE DIVERSOS INSTRUMENTOS MUSAIS. EXPTE. 18361/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Trala instrución do expediente de referencia, formulouse por esta Xefatura de Patrimonio o 18/8/2017 a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

*1º.- Aceptar a doazón de D. MANOEL SOTO FERREIRO dos instrumentos musicais que figuran relacionados no Anexo ao presente acordo.*

*2º.- Proceder, tralos trámites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.*

*3º.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, ditos bens no Inventario Municipal de bens e dereitos, dacordo coa catalogación e valoración efectuada pola empresa ESMUVIGO SCG no documento de data 1/7/2017.*

**SEGUNDO.-** O expediente co seu informe-proposta, foi incluído no orde do día da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21/9/2017 figurando no punto 7 como "PROPOSTA

DE ACEPTACIÓN DA DOAZON DE DIVERSOS INSTRUMENTOS MUSICAIS. EXPTE.18361/332”.

Examinada a certificación emitida pola Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local o 22/9/2017 do acordo adoptado, constatase a existencia dun erro no seu contido ao non concordar o informe-proposta transcrito nos antecedentes deste (e cúa proposta resulta aprobada), co emitido por esta xefatura en data 18/8/2017 ó expediente 18361/332 a que refírese o punto 7 do orde do día tratado.

**TERCEIRO.-** A teor do exposto, procedería subsanar o erro no que incurre dito acordo do 21/9/2017, consonte ao disposto no art. 109.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das AAPP, polo que recoñécese a facultade das AAPP de rectificación, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais ou de feito existentes nos seus actos, propoñéndose ó efecto á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**UNICO.-** Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/9/2017 á “PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZON DE DIVERSOS INSTRUMENTOS MUSICAIS. EXPTE.18361/332”, resultando adoptado nestes termos:

“Aprobar a seguinte proposta contida no informe de data 18/8/2017 do Xefe do Servizo de Patrimonio, a Xefa da Area de Xestión Patrimonial e o Concelleiro delegado de Patrimonio:

*1º.- Aceptar a doazón de D. MANOEL SOTO FERREIRO dos instrumentos musicais que figuran relacionados no Anexo ao presente acordo.*

*2º.- Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.*

*3º.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, ditos bens no Inventario Municipal de bens e dereitos, dacordo coa catalogación e valoración efectuada pola empresa ESMUVI-GO SCG no documento de data 1/7/2017.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO  
INSTRUMENTOS MUSICAIS DOADOS POR D. MANOEL SOTO FERREIRO.

| Nº referencia | Instrumento | Valoración |
|---------------|-------------|------------|
| 001           | Gaita       | 8000,00 €  |
| 002           | Bombo       | 300,00 €   |
| 003           | Tamboril    | 90,00 €    |
| 004           | Pandeireta  | 30,00 €    |
| 005           | Pandeireta  | 20,00 €    |

| <b>Nº referencia</b> | <b>Instrumento</b>  | <b>Valoración</b> |
|----------------------|---------------------|-------------------|
| 006                  | Djembe              | 100,00 €          |
| 007                  | Marimba manual      | 25,00 €           |
| 008                  | Cordáfono Percusión | 30,00 €           |
| 009                  | Trad. africano      | 30,00 €           |
| 010                  | Xilofón             | 40,00 €           |
| 011                  | Tambor africano     | 40,00 €           |
| 012                  | Naqqara             | 70,00 €           |
| 013                  | Pau de Chuva        | 50,00 €           |
| 014                  | Birimbao            | 20,00 €           |
| 018                  | Tamboril            | 35,00 €           |
| 019                  | Pandeiro Brasileiro | 15,00 €           |
| 020                  | Pandeiro Brasileiro | 40,00 €           |
| 021                  | Pandeiro Brasileiro | 40,00 €           |
| 022                  | Sonaxa              | 10,00 €           |
| 023                  | Sonaxa Brasileira   | 10,00 €           |
| 024                  | Afuché              | 25,00 €           |
| 025                  | Afuché              | 25,00 €           |
| 026                  | Agogó               | 20,00 €           |
| 027                  | Agogó               | 30,00 €           |
| 028                  | Agogó               | 20,00 €           |
| 029                  | Surdo brasileiro    | 150,00 €          |
| 031                  | Reco Reco           | 18,00 €           |
| 032                  | Reco Reco           | 8,00 €            |
| 033                  | Güiro Brasileiro    | 30,00 €           |
| 034                  | Frigideira          | 5,00 €            |
| 035                  | Agogó               | 20,00 €           |
| 036                  | Repenique           | 30,00 €           |
| 037                  | Cuica               | 40,00 €           |
| 038                  | Cuica               | 50,00 €           |
| 039                  | Cuica Brasileira    | 20,00 €           |
| 043                  | Sistro              | 10,00 €           |
| 044                  | Sistro              | 10,00 €           |
| 045                  | Ganzeiro Brasileiro | 3,00 €            |
| 046                  | Ganzeiro            | 6,00 €            |
| 048                  | Caxixi Brasileiro   | 15,00 €           |
| 049                  | Shaker              | 25,00 €           |
| 050                  | Shaker              | 6,00 €            |

| <b>Nº referencia</b> | <b>Instrumento</b> | <b>Valoración</b> |
|----------------------|--------------------|-------------------|
| 051                  | Shaker             | 10,00 €           |
| 052                  | Shaker             | 1,00 €            |
| 053                  | Shaker             | 1,00 €            |
| 054                  | Shaker Banana      | 2,00 €            |
| 055                  | Shaker Laranja     | 2,00 €            |
| 056                  | Shaker             | 2,00 €            |
| 057                  | Shaker             | 15,00 €           |
| 058                  | Shekeré            | 20,00 €           |
| 059                  | Shekeré            | 20,00 €           |
| 060                  | Maracas            | 40,00 €           |
| 062                  | Maracas            | 5,00 €            |
| 062                  | Maracas            | 30,00 €           |
| 063                  | Maracas            | 40,00 €           |
| 064                  | Maracas            | 3,00 €            |
| 071                  | Bomgoes            | 100,00 €          |
| 072                  | Djembe             | 60,00 €           |
| 074                  | Caxixi             | 2,00 €            |
| 075                  | Baquetas           | 6,00 €            |
| 075                  | Mazas              | 20,00 €           |
| 075                  | Craves             | 10,00 €           |
| 075                  | Baquetas           | 10,00 €           |
| 075                  | Mazas              | 12,00 €           |
| 076                  | Carraca            | 8,00 €            |
| 077                  | Platillos          | 3,00 €            |
| 078                  | Marimbol           | 80,00 €           |
| 079                  | Caixón             | 10,00 €           |
| 080                  | Cocos              | 1,00 €            |
| 081                  | Trompeta sib       | 20,00 €           |
| 082                  | Cornetín           | 20,00 €           |
| 083                  | Trompeta           | 20,00 €           |
| 084                  | Corno de Caza      | 5,00 €            |
| 085                  | Corno de Caza      | 5,00 €            |
| 086                  | Kazoo              | 1,00 €            |
| 091                  | Ocarina            | 40,00 €           |
| 092                  | Ocarina            | 40,00 €           |
| 093                  | Ocarina            | 40,00 €           |
| 099                  | Campá              | 10,00 €           |



| <b>Nº referencia</b> | <b>Instrumento</b>    | <b>Valoración</b> |
|----------------------|-----------------------|-------------------|
| 100                  | Morteiro              | 30,00 €           |
| 101                  | Kalimba               | 20,00 €           |
| 102                  | Castañolas            | 40,00 €           |
| 103-104              | Castañolas            | 40,00 €           |
| 105                  | Frauta Émbolo         | 5,00 €            |
| 106                  | Caixa Chinesa         | 6,00 €            |
| 107                  | Caixa Chinesa         | 9,00 €            |
| 108                  | Tarrañolas            | 30,00 €           |
| 109                  | Culleres              | 20,00 €           |
| 110                  | Canas andaluzas       | 5,00 €            |
| 111                  | Zampoña               | 5,00 €            |
| 112                  | Zampoña               | 15,00 €           |
| 113-A                | Frauta India          | 5,00 €            |
| 113-B                | Frauta de cana        | 20,00 €           |
| 113-C                | Frauta doce           | 30,00 €           |
| 113-D                | Chirimia              | 100,00 €          |
| 113-E                | Whistle               | 20,00 €           |
| 113-F                | Frauta                | 20,00 €           |
| 113-G                | Pincullo              | 40,00 €           |
| 113-H                | Punteiro de gaita     | 250,00 €          |
| 113-I                | Tarkas                | 35,00 €           |
| 114                  | Bodhran               | 70,00 €           |
| 115                  | Pandeiro              | 60,00 €           |
| 116                  | Pandeiro 2            | 60,00 €           |
| 117                  | Armónicas             | 80,00 €           |
| 117                  | Armónicas             | 100,00 €          |
| 118                  | Soporte Armónica      | 10,00 €           |
| 119                  | Banjo                 | 150,00 €          |
| 120                  | Cavaquinho            | 50,00 €           |
| 121                  | Cuatro venezolano     | 150,00 €          |
| 122                  | Timple                | 20,00 €           |
| 123                  | Timple Canario        | 50,00 €           |
| 124                  | Charango de Armadillo | 100,00 €          |
| 125                  | Trombón               | 50,00 €           |
| 126                  | Frauta Oriental       | 50,00 €           |
| 127                  | Erhu Chino            | 80,00 €           |
| 128                  | Laud Vietnamita       | 200,00 €          |

| Nº referencia           | Instrumento         | Valoración      |
|-------------------------|---------------------|-----------------|
| 129                     | Acordeón Ruso       | 46,00 €         |
| 130                     | Tam Tam             | 40,00 €         |
| 131                     | Guayo               | 25,00 €         |
| 132                     | Fuxo                | 25,00 €         |
| 133                     | Guiro Metálico      | 10,00 €         |
| 134                     | Zambomba            | 16,00 €         |
| 135                     | Salterio            | 30,00 €         |
| 136                     | Salterio            | 30,00 €         |
| 137                     | Soporte             | 10,00 €         |
| 138                     | Soporte             | 10,00 €         |
| 139                     | Soporte             | 10,00 €         |
| 140                     | Correas             | 10,00 €         |
| 15,16,17                | Tamboril Brasileiro | 60,00 €         |
| 30-1,30-2,30-3          | Conga               | 600,00 €        |
| 40-41-42                | Cuica Brasileira    | 30,00 €         |
| 65/66/67/68/69          | Apito               | 35,00 €         |
| 73/74                   | Triángulo           | 8,00 €          |
| 94-95                   | Ocarina             | 10,00 €         |
| 96-97-98                | Crótalos            | 12,00 €         |
|                         |                     |                 |
| <b>Total Valoración</b> |                     | <b>14474,00</b> |

**11(1396).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FAVOR DOS INSPECTORES DE URBANISMO DO CONCELLO ADSCRITOS Á XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 10259/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/11/17, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o Xerente da Xerencia municipal de Urbanismo e a concelleira delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

**Antecedentes.**

**1)** A proposta do Consello da Xerencia a Xunta de Goberno Local, en sesión do 30.12.2016 acordou *aprobar a modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm. 218 de 13.11.2013), concretada nos seguintes apartados:*

*.../.../...*

5) *Incremento do complemento de destino dos inspectores de urbanismo, pasando do nivel 18 ó 20 (incremento de 635,04 euros/ano por posto), por equiparación ás retribucións do ente matriz do Concello e coa mesma referencia temporal de 01.01.2016. .../.../...*

**2)** Con data 1.02.2017 os funcionarios de carreira D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D<sup>a</sup>. Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas, con praza en propiedade de DELINEANTES, solicitan por Rexistro (doc. 170012783), en base a estar realizando as funcións de INSPECTORES DE URBANISMO, *“a incorporación ó FONDO DE ADECUACIÓN e a asignación do COMPLEMENTO DE DESTINO 20 (635,04 euros/ano) nas mesmas condicións que o resto de inspectores de urbanismo con efectos dende o 1º de xaneiro de 2016”*.

Os citados traballadores desta Xerencia de Urbanismo, achegan nesta solicitude informe da xefa do Servizo de Disciplina Urbanística desta Xerencia, de data 27.01.2017, no que se expresa que ditos funcionarios *“desempeñan funcións de inspectores municipais de Urbanismo cando menos desde que fun adscrita ao Servizo de Disciplina Urbanística da Xerencia Municipal de Urbanismo, o día 26.07.2010”*.

**3)** Despois de emitirse os correspondente informe, o 9.06.2017 o Xerente resolve (expediente 9898/407):

*“Solicitar ó Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal que adopte as medidas oportunas para que polo órgano competente se aprobe:*

*1º.- A adecuación dos postos ocupados por D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas ás funcións que desenvolven, pasando a ser denominados “INSPECTORES de URBANISMO” e asignándolles o complemento de destino do nivel 20 en equiparación ós inspectores de urbanismo desta Xerencia e ós propios inspectores municipais.*

*2º.- Que dita equiparación retributiva teña efectos un de xaneiro de 2016 (de acordo cos efectos da avaliación aprobada no Concello para os inspectores municipais e na Xerencia para os inspectores de urbanismo) ou se lles recoñeza un complemento de produtividade polas funcións desenvoltas como inspectores de urbanismo, en tanto non se aprobe a adecuación dos seus postos e cos mesmos efectos de 1.01.2016.”*

Dita solicitude foi remitida ó departamento de Recursos Humanos do Concello, sen que a día de hoxe se obtivese resposta.

**4)** Na reunión mantida cos representantes sindicais na mesa de negociación do Orzamento de 2018 desta Xerencia de Urbanismo (reunión do 25.09.2018), proponse o traspaso ó cadro de persoal do Organismo Autónomo das tres prazas de delineantes que ocupan D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D<sup>a</sup>. Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas.

A tal efecto, a proposta destes Servizos Centrais e co conforme do Xerente, a Vicepresidente, en data 27.09.2017, resolve (expediente 10114/407):

*“1) Propoñer ós órganos competentes do Concello o traspaso ó cadro de persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo, a partir da vixencia do Orzamento 2018, das prazas de delineantes, que ocupan D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D<sup>a</sup>. Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas.*

*2) Propoñer ós mesmo órganos, o estudo por parte dos responsables de Recursos Humanos do Concello do traspaso de todas as prazas ocupadas na actualidade por persoal adscrito, para ocupar postos na RPT da Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*3) Prestar a total colaboración requirida polos servizos municipais para facer efectivo o devandito traspaso.”*

Dita proposta foi remitida ó departamento de Recursos Humanos do Concello, sen que a día de hoxe se obtivese resposta.

**5)** Con data 20.11.2017 a Vicepresidente, a proposta do xefe do Servizos Centrais, co conforme do Xerente, resolve: *“a incoación dun expediente para a aprobación dun complemento de produtividade con cargo ó Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo e a favor de D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D<sup>a</sup>. Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas, para paliar o agravio retributivo dos funcionarios que desenvolven as mesmas funcións de inspección urbanística”.*

#### **Fundamentación xurídica.**

En relación co principio de igualdade que debe inspirar a actuación pública, ademais dos fundamentos xurídicos utilizados pola xefa do Servizo de Disciplina Urbanística desta Xerencia (artigos 14 e 23 da Constitución, xurisprudencia e doutrina constitucional) debe terse en conta o previsto pola normativa do emprego público: artigo 1.3.b) e 14 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 (TRLEBEP) e artigo 3.1.b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

É importante salientar que os funcionarios reclamantes desenvolven funcións de inspección urbanística determinadas por normas de rango legal. Así o artigo 151.1 da vixente Lei do solo de Galicia (Lei 2/2016, de 10 de febreiro) expresa que *“a inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo deben realizar coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico”,* engadindo o apartado 2 que *“o persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade”.*

Constátase que os funcionarios reclamantes na actualidade teñen asignado un complemento de destino correspondente ó nivel 18 e que realizan as mesmas funcións de inspección urbanística que os funcionarios que ocupan postos da RPT do Organismo Autónomo (con nivel 20 desde o 13.03.2017 e efectos retributivos desde o 1.01.2016). Todos eles seguen o mesmo Plan de Inspección aprobado por esta Xerencia, soportan a mesma carga de traballo e teñen acreditado igual mérito e capacidade.

As condicións retributivas dos funcionarios reclamantes están determinadas na relación de postos de traballo do ente matriz deste Concello de Vigo (postos co código 421.06, do

documento unificado de RPT publicado no BOP de 7.06.2017) e as súas retribucións presupostadas no capítulo 1 do Orzamento do ente matriz.

En consecuencia, dada a relevancia das funcións desenvoltas polos funcionarios reclamantes e sen prexuízo de que se insista na necesaria modificación con carácter permanente da relación de postos de traballo (do ente matriz ou do Organismo Autónomo si son adscritos a este), entre tanto é imprescindible retribuír o desenvolvemento efectivo das funcións de inspección urbanística nas mesmas condicións que os funcionarios propios da Xerencia.

A tal efecto, propónse a aprobación dun complemento de produtividade que, con efectos 1 de xaneiro de 2016, permita a mencionada equiparación.

Na vixente instrución terceira de plantilla do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra nº 220, de 16.11.2010, exprésase que *“en todo caso retribuirase: ... b) Desempeño de postos de superior categoría: o especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos.”*

No caso que nos ocupa tres funcionarios, con nivel 18, están realizando as funcións dos postos de inspectores de urbanismo deste Organismo Autónomo, con nivel 20. Polo tanto, pode asimilarse totalmente esta situación como a prevista na citada instrución.

En calquera caso, a retribución cun complemento de produtividade debe considerarse como una medida limitada no tempo e non debe evitar a obrigada adecuación dos niveis retributivos dos postos as funcións desenvoltas, de forma que non se produzan agravios comparativos.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 22. Un. E) da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 (BOE nº 153 de 28 de xuño), que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

### **Cálculo da produtividade proposta.**

O importe do complemento de produtividade equivale á diferenza entre os niveis 18 e 20 de complemento de destino e relativos ós exercicios 2016 e 2017: 635,04 €/ano e 641,48 €/ano, respectivamente e por funcionario.

En consecuencia o importe total é de 1.276,52 euros por funcionario e de 3.829,56 euros para os tres empregados reclamantes.

Achégase retención de crédito por dito importe (RC nº 201700003592) con cargo ó Orzamento da Xerencia Mpal. de Urbanismo (partida 1510.1500000).

### **Proposta.**

De conformidade co antedito propónse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:

*“Conceder a D. Antonio Alemparte Gonzalvo, D<sup>a</sup>. Victoria Romero Gil-Delgado e D. Antonio Cancelo Mariñas, delineantes adscritos a esta Xerencia Municipal de Urbanismo, un complemento de produtividade de 1.276,52 euros, cada un, polo desenvolvemento efectivo das funcións do posto de Inspectores de Urbanismo da Xerencia Municipal de Urbanismo nos exercicios 2016 e 2017”.*

Con data 14/12/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: *“O Consello, por unanimidade, acorda elevar a Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución.”*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **12(1397).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE ADMINISTRATIVOS DE LICENZAS. EXPTE. 10324/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/17, asinado polo xefe dos Servizos Centrais, o Xerente da Xerencia municipal de Urbanismo e a concelleira delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

### **1.- Antecedentes.**

O 20.11.2015 D<sup>a</sup>. Inés Cacharrón González, D<sup>a</sup> Teresa Rivas Rodríguez, D<sup>a</sup> Laura Montemuíño Lago e D<sup>a</sup> Reyes Villamor Álvarez, administrativas desta Xerencia de Urbanismo, solicitaron por Rexistro (doc. 150150999) a concesión dun complemento de produtividade como consecuencia da actividade extraordinaria desenvolta na oficina administrativa de Licenzas, producida pola ausencia temporal (por baixas e permisos) de tres funcionarias adscritas a dito servizo. Dito complemento solicitado non foi tramitado. As funcionarias D<sup>a</sup> Laura Montemuíño Lago e D<sup>a</sup> Reyes Villamor Álvarez foron trasladadas en 2016 a outros servizos. Neste ano 2016 incorporouse á citada Oficina Isabel García Menduiña.

O 21.12.2016 D<sup>a</sup>. Inés Cacharrón González e D<sup>a</sup> Teresa Rivas Rodríguez, solicitan de novo un complemento de produtividade que inclúa o período 01/09/2015 a agosto de 2016.

Nesta segunda solicitude se cita o informe de data 04.05.2016 da xefa xurídica-administrativa de Licenzas no que se constata as circunstancias que produciron a actividade extraordinaria do persoal solicitante, expresando de forma literal que ditas administrativas *“veñen asumindo o traballo xeral da Oficina incluído as labores da xefatura de Oficina, traballo que debe ser retribuído de conformidade co artigo 37.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e artigo 73 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público”*.

Constátase nestes Servizos Centrais do Organismo Autónomo a efectiva ausencia, o 50% dos días laborais, da xefa da Oficina-negociado no período no que se solicita o complemento de produtividade.

## **2.- Fundamentación xurídica.**

Segundo as vixentes instrucións de plantilla do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 220 de 16 de novembro de 2010, *“con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións”*.

Estas instrucións engaden que *“o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

- Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*
- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.”*

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publicado no BOE nº 261 do 31.10.2015) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento lexislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 23. Un. E) da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 (BOE nº 260 de 30 de outubro) que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade: *“O complemento de produtividade retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo”*.

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, determina que o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

As citadas Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo prevén que o complemento de produtividade retribuirá o *“especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes, polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico entre os dous postos”*. Engaden as propias instrucións que ditos desempeños *“non terán carácter retroactivo a efectos de aboamento do complemento de produtividade, surtindo efectos económicos e administrativos dende a data do acto administrativo que así o autorice”*.

De acordo co solicitado e co informe da entón xefa xurídico-administrativa de Licenzas, D<sup>a</sup>. Inés Cacharrón González e D<sup>a</sup> Teresa Rivas Rodríguez desenvolveron unha actividade extraordinaria e, polo tanto, deberá asignarse un complemento de produtividade, sen prexuízo de que -aplicando o previsto na vixente Base 34<sup>a</sup> de Execución Orzamentaria (ó referirse as encomendas de funcións e acumulación de tarefas)- se de *“prevalencia sempre ós acordos adoptados sobre outros supostos de retribución variable”*, como é o caso que nos ocupa.

### **3.- Cálculo do complemento de produtividade proposto.**

Dado quen non existe unha encomenda formal de funcións ás funcionarias solicitantes, non cabe aplicar a cuantificación do complemento de produtividade polo importe da diferenza de nivel de complemento de destino e complemento específico (216,55 euros/mes neste caso) no citado período de 12 meses (no que se descontarían vacacións, permisos e baixas), como establecen as vixentes instrucións de plantilla.

A inexistencia dunha encomenda formal de funcións impide que parte das retribucións que se asignan ó posto da xefatura de oficina podan ser asignadas ás funcionarias solicitantes, como é a responsabilidade propia do posto. Existe non obstante, en función do expresado pola xefa xurídica-administrativa de Licenzas, unha especial dedicación das administrativas, derivada esencialmente da ausencia da titular do posto de xefa de negociado.

Cuantifícase en 649,65 euros o complemento de produtividade a asignar a cada funcionaria solicitante, pola especial dedicación derivada da ausencia da titular do posto de xefa de oficina-negociado de Licenzas. A suma dos dous complementos de produtividade é o 50% da diferenza nas retribucións complementarias en 12 meses.

### **4.- Existencia de crédito.**

Para afrontar o gasto de aboamento deste complemento de produtividade, por importe de 1.299,30 euros, existe crédito no vixente Orzamento, partida 1510.1500000 “Produtividade” (documento de retención de crédito: “RC” nº 201700003825).

### **5.- Proposta.**

De conformidade co antedito propónse que ó Consello da Xerencia eleve á Xunta de Goberno (competente conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f) dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local) a adopción do seguinte acordo:



“Conceder un complemento de produtividade a favor de D<sup>a</sup>. Inés Cacharrón González e D<sup>a</sup> Teresa Rivas Rodríguez, funcionarias da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, por importe de 649,65 euros, cada unha, pola especial dedicación derivada esencialmente da ausencia da titular do posto de xefa da oficina-negociado de Licenzas”.

Con data 21/12/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: *“O Consello, por unanimidade, acorda elevar a Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución.”*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1398).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez